

Consello de Contas
de Galicia



**INFORME DE FISCALIZACIÓN DOS
GASTOS ELECTORAIS DAS ELECCIÓNS
AO PARLAMENTO DE GALICIA 2012**



ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN	1
1.1. MARCO LEGAL.....	1
1.2. ÁMBITO SUBXECTIVO DA FISCALIZACIÓN.....	2
1.3. OBXECTIVOS DA FISCALIZACIÓN	2
1.4. ALCANCE.....	3
1.5. ASPECTOS ESPECÍFICOS A VERIFICAR	3
1.6. LIMITACIÓNS AO ALCANCE DA FISCALIZACIÓN	5
2. RESULTADOS DA FISCALIZACIÓN	6
2.1. RESULTADOS ELECTORAIS	6
2.2. TIPOS DE SUBVENCIONS E LÍMITE MÁXIMO DA SUBVENCIÓN.....	7
2.3. ADIANTOS OU ANTICIPOS DAS SUBVENCIONS.....	9
2.4. SUBVENCIONS PÚBLICAS PENDENTES DE PERCIBIR	11
2.5. LÍMITE MÁXIMO DE GASTOS.....	11
2.6. ACTUACIÓNS DAS XUNTAS ELECTORAIS.....	13
2.7. RESUME DE CONCLUSIÓNS.....	13
2.8. DECLARACIÓN DE GASTOS REGULARES XUSTIFICADOS.....	14
3. REGULARIDADE DAS CONTABILIDADES ELECTORAIS.....	14
3.1. PARTIDO POPULAR	15
3.1.1. Documentación remitida.....	15
3.1.2. Recursos financeiros.....	15
3.1.3. Gastos electorais.....	16
3.1.4. Cálculo do límite de gastos electorais	18
3.1.5. Verificación do cumprimento do artigo 133.4	18
3.1.6. Verificación do cumprimento do artigo 133.5	18
3.1.7. Tesourería da campaña	19
3.1.8. Cálculo do límite máximo da subvención	20
3.1.9. Proposta de non adxudicación ou de redución da subvención electoral.....	21
3.1.10. Conclusións	21
3.1.11. Opinión.....	22
3.1.12. Alegacións	22
3.2. PARTIDO DOS SOCIALISTAS DE GALICIA - PARTIDO SOCIALISTA OBRERO ESPAÑOL.....	23
3.2.1. Documentación remitida.....	23
3.2.2. Recursos financeiros.....	23
3.2.3. Gastos electorais.....	24
3.2.4. Cálculo do límite máximo de gastos.....	26
3.2.5. Verificación do cumprimento do artigo 133.4 da LOREX.....	26

Índice

3.2.6. Verificación do cumprimento do artigo 133.5 da LOREX.....	27
3.2.7. Tesourería da campaña	27
3.2.8. Cálculo do límite máximo da subvención	28
3.2.9. Proposta de non adxudicación ou de redución da subvención electoral.....	28
3.2.10. Conclusións	29
3.2.11. Opinión.....	29
3.2.12. Alegacións	30
3.3. ALTERNATIVA GALEGA DE ESQUERDA (ESQUERDA UNIDA – ANOVA)	31
3.3.1. Documentación remitida.....	31
3.3.2. Recursos financeiros.....	31
3.3.3. Gastos electorais.....	32
3.3.4. Cálculo do límite máximo de gastos electorais	33
3.3.5. Verificación do cumprimento do artigo 133.4 da LOREX.....	34
3.3.6. Verificación do cumprimento do artigo 133.5 da LOREX.....	34
3.3.7. Tesourería da campaña	35
3.3.8. Cálculo do límite máximo da subvención	35
3.3.9. Proposta de non adxudicación ou de redución da subvención electoral.....	36
3.3.10. Conclusións	36
3.3.11. Opinión.....	37
3.3.12. Alegacións	38
3.4. BLOQUE NACIONALISTA GALEGO	39
3.4.1. Documentación remitida.....	39
3.4.2. Recursos financeiros.....	39
3.4.3. Gastos electorais.....	40
3.4.4. Cálculo do límite máximo de gastos electorais	41
3.4.5. Verificación do cumprimento do artigo 133.4 da LOREX.....	42
3.4.6. Verificación do cumprimento do artigo 133.5 da LOREX.....	42
3.4.7. Tesourería da campaña	43
3.4.8. Cálculo do límite máximo da subvención	43
3.4.9. Proposta de non adxudicación ou de redución da subvención electoral.....	44
3.4.10. Conclusións	44
3.4.11. Opinión.....	45
3.4.12. Alegacións	45
4. DECLARACIÓN DE GASTOS REGULARES XUSTIFICADOS	46
4.1. IMPORTES LÍQUIDOS PENDENTES DE PERCIBIR	47



ÍNDICE DE CADROS

Cadro nº 1: Resultados xerais	6
Cadro nº 2: Reparto de escanos	6
Cadro nº 3: Reparto de votos	7
Cadro nº 4: Subvencións suxeitas a límite	9
Cadro nº 5: Límite máximo da subvención	9
Cadro nº 6: Anticipo de subvención	10
Cadro nº 7: Subvención teórica máxima pendente de recibir	11
Cadro nº 8: Límite de gasto por circunscrición	12
Cadro nº 9: Histórico do límite de gasto electoral	12
Cadro nº 10: Volume máximo de gasto	13
Cadro nº 11: Ingresos declarados PP	15
Cadro nº 12: Gastos ordinarios declarados PP	16
Cadro nº 13: Gastos por envíos de propaganda declarados PP	17
Cadro nº 14: Límites de gastos PP	18
Cadro nº 15: Tesourería PP	19
Cadro nº 16: Subvencións electorais PP	20
Cadro nº 17: Ingresos declarados PSdeG-PSOE	23
Cadro nº 18: Gastos ordinarios declarados PSdeG-PSOE	24
Cadro nº 19: Gastos por envíos de propaganda declarados PSdeG-PSOE	25
Cadro nº 20: Límites de gastos PSdeG-PSOE	26
Cadro nº 21: Tesourería PSdeG-PSOE	27
Cadro nº 22: Subvencións electorais PsdeG-PSOE	28
Cadro nº 23: Ingresos declarados AGE	31
Cadro nº 24: Gastos ordinarios declarados AGE	32
Cadro nº 25: Gastos por envíos de propaganda declarados AGE	33
Cadro nº 26: Límites de gastos AGE	34
Cadro nº 27: Tesourería AGE	35
Cadro nº 28: Subvencións electorais AGE	36
Cadro nº 29: Ingresos declarados BNG	39
Cadro nº 30: Gastos ordinarios declarados BNG	40
Cadro nº 31: Gastos por envíos de propaganda declarados BNG	41
Cadro nº 32: Límites de gastos BNG	42

Índice

Cadro nº 33: Tesourería BNG	43
Cadro nº 34: Subvencións electorais BNG	44
Cadro nº 35: Proposta de subvención.....	46
Cadro nº 36: Subvención pendente de liquidar.	47



ABREVIATURAS

CCdeG	Consello de Contas de Galicia
LOREX	Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral
LEPG	Lei 8/1985, do 13 de agosto, de Eleccións ao Parlamento de Galicia
PXC	Plan Xeral de Contabilidade de 2007, aprobado polo Real Decreto 1514/2007, do 16 de novembro
PP	Partido Popular.
PSdeG-PSOE	Partido dos Socialistas de Galicia - Partido Socialista Obrero Español.
AGE	Alternativa Galega de Esquerda (Esquerda Unida - ANOVA).
BNG	Bloque Nacionalista Galego
IU	Izquierda Unida

Índice



1. INTRODUCCIÓN

1.1. MARCO LEGAL

A Lei 8/1985, do 13 de agosto, de Eleccións ao Parlamento de Galicia (DOG núm. 156 do 16.08.1985), en adiante LEPG, atribúe ao Consello de Contas de Galicia as facultades que a lexislación electoral xeral outorga ao Tribunal de Contas, en relación coas contabilidades de ingresos e gastos dos procesos electorais.

Así mesmo, a Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral (BOE núm.147 do 20.06.1985), en adiante LOREX, nos termos que establece a súa Disposición Adicional 1ª, é de aplicación ás eleccións ás Asembleas das Comunidades Autónomas, e ten carácter supletorio da lexislación autonómica na materia (artigo 1º, apartado 2º).

O artigo 47.2 da LEPG establece que o Consello de Contas se pronunciará sobre a regularidade das contabilidades electorais dos partidos, federacións coalicións ou agrupacións que alcanzasen os requisitos esixidos para recibir subvencións da Comunidade Autónoma ou que solicitasen adiantos con cargo ós mesmos.

No suposto de que apreciase irregularidades ou violación dos límites establecidos na materia de ingresos e gastos electorais, poderá propoñer-la non adxudicación ou a redución da subvención a obter da Comunidade Autónoma para o partido, federación ou agrupación implicada. Se advertise, ademais, indicios de condutas constitutivas de delito, comunicarao ao Ministerio Fiscal (artigo 47.3 da LEPG).

O mesmo artigo 47, no seu apartado 4º sinala que o Consello de Contas remitirá ao Parlamento e á Xunta de Galicia os resultados da fiscalización mediante informe razoado e detallado, comprensivo da declaración dos gastos regulares xustificadas por cada partido, federación, coalición ou agrupación de electores.

Na realización da fiscalización das eleccións ao Parlamento de Galicia celebradas o 21 de outubro de 2012, tivéronse en conta ademais das normas anteriormente citadas, as disposicións especificamente promulgadas con motivo das mesmas, principalmente as seguintes:

- Decreto 174/2012, do 27 de agosto, de disolución do Parlamento de Galicia e de convocatoria de eleccións (DOG núm. 163 do 28.08.2012).

- .. Orde do 28 de agosto de 2012 (DOG núm. 166 do 31.08.2012) pola que se fixan as cantidades actualizadas das subvencións por gastos electorais para as eleccións ao Parlamento de Galicia que se celebrarán o día 21 de outubro de 2012.
- .. Acordo da Xunta Electoral de Galicia do 5 de novembro de 2012 polo que se fan públicos os resultados xerais e por circunscricións e a relación de deputados e deputadas proclamados electos nas eleccións ao Parlamento de Galicia realizadas o día 21 de outubro de 2012 (DOG núm. 212 do 07.11.2012).

Do mesmo xeito se tiveron en conta todos os acordos tomados pola Xunta Electoral de Galicia no uso das competencias que lle outorgan as leis electorais.

1.2. ÁMBITO SUBXECTIVO DA FISCALIZACIÓN

O artigo 46.1 da LEPG dispón que no prazo de catro meses posterior ás eleccións, os partidos, federacións, coalicións ou agrupacións que alcansasen os requisitos esixidos para recibir subvencións da Comunidade Autónoma ou que solicitasen adiantos con cargo aos mesmos, presentarán, ante o Consello de Contas, unha contabilidade detallada e documentada dos seus respectivos ingresos e gastos electorais.

As formacións políticas que reúnen estes requisitos son os seguintes:

- .. Partido Popular.
- .. Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE.
- .. Alternativa Galega de Esquerda (Esquerda Unida - ANOVA).
- .. Bloque Nacionalista Galego.

Todas estas formacións políticas cumpriron co mandato legal presentando a súa contabilidade electoral dentro do período legalmente que finalizou o 21 de febreiro de 2013.

1.3. OBXECTIVOS DA FISCALIZACIÓN

O artigo 47.2 require o pronunciamento do Consello de Contas sobre a regularidade das contabilidades electorais, o cal se debe facer dentro dos sete meses seguintes ás eleccións. Para cumprir con este mandato o Pleno do Consello de Contas aprobou os seguintes obxectivos da fiscalización:

- 1 - Comprobación do cumprimento da legalidade, tanto da estritamente electoral como da normativa de xeral aplicación.
- 2 - Asegura-la representatividade da contabilidade electoral rendida.

3.- Verifica-lo grao de xustificación documental dos rexistros contables.

1.4. ALCANCE

A fiscalización tivo como obxecto verificar a regularidade das contabilidades electorais das eleccións ao Parlamento de Galicia celebradas o 21 de outubro de 2012, rendidas polas formacións políticas, que resulta da análise do grao de cumprimento dos principios xerais contidos no PXC e das disposicións específicas da lexislación electoral, e con especial referencia ós recursos, gastos e tesourería da campaña.

As verificacións da contabilidade electoral realizáronse sobre os orixinais da documentación contable e xustificativa que presentaron as formacións políticas ante o Consello de Contas de Galicia.

A análise do cumprimento dos principios xerais contidos no PXC consistiu en verifica-la adecuación dos rexistros contables á natureza económica de cada operación e a exactitude das contías anotadas, mediante a comprobación da documentación xustificativa.

1.5. ASPECTOS ESPECÍFICOS A VERIFICAR

No desenvolvemento destas funcións, a fiscalización realizouse, en especial, sobre os seguintes puntos, derivados das prescricións legais:

Control previo:

- Con carácter previo comprobouse a presentación da contabilidade electoral, por tódalas formacións obrigadas a rendela, dentro do prazo establecido no artigo 46 da LEPG e que a contabilidade dos partidos, federacións ou coalicións se axustase, en todo caso, aos principios xerais contidos no vixente PXC (artigo 121-2º da LOREX).
- Remisión da documentación contable e xustificativa debidamente dilixenciada e coherencia interna da contabilidade remitida.

Control dos recursos:

- Cumprimento do límite máximo dos achegamentos de 10.000 euros, fixado no artigo 129 da LOREX, verificando que naquelas figuran os datos de identificación esixidos no artigo 126 ás persoas físicas ou xurídicas que contribúan a financiar a campaña electoral.
- Procedencia dos recursos aportados polos partidos (artigo 126.3 da LOREX).

Informe de fiscalización dos gastos electorais das eleccións ao Parlamento de Galicia 2012

- Observancia da prohibición de aportar fondos imposta ás administracións públicas, organismos autónomos, entidades paraestatais, empresas do sector público ou con contrato en vigor con algunha administración pública, así como ás entidades ou persoas estranxeiras (artigo 128 da LOREX).
- Cumprimento da obriga establecida polo artigo 125 da LOREX de ingresar tódolos fondos destinados a sufragar gastos electorais, calquera que sexa a súa procedencia, en contas abertas especificamente para as eleccións

Control dos gastos electorais:

- Contracción dos gastos desde a data de convocatoria de eleccións ata a da proclamación de electos, en función do sinalado no artigo 130 da LOREX, así como a comprobación da natureza electoral daqueles e a súa concordancia coa clasificación establecida en dito precepto.
- Xustificación dos gastos realizados no período sinalado anteriormente mediante documentos que cumpran os requisitos fixados polas normas e principios contables, mercantís e fiscais.
- Xustificación do número de envíos persoais e directos de propaganda electoral efectuados. A estes efectos o importe dos gastos por envíos electorais que non resulte cuberto pola subvención a percibir polo número de envíos xustificadas engrosará os gastos pola actividade electoral ordinaria.

Control dos límites de gastos electorais:

- Non realización polas formacións políticas de gastos superiores ás cifras que se deducen da Orde do 28 de agosto de 2012 pola que se fixan as cantidades actualizadas das subvencións por gastos electorais para as eleccións ao Parlamento de Galicia que se celebrarán o día 21 de outubro de 2012.
- Cumprimento das limitacións sobre determinados gastos de publicidade en prensa periódica e emisoras de radio privadas previstos pola LOREX.

Control do cumprimento por terceiros das obrigas previstas pola LOREX.

- Remisión ao Consello de Contas polas entidades financeiras da información sobre os créditos electorais concedidos ás formacións políticas que se presentaron ás eleccións, segundo o establecido polo artigo 133.3 da LOREX
- Cumprimento da obriga, que impón o artigo 133.5 da LOREX ás empresas que facturaran, por operacións de campaña electoral, por importe superior a 10.000 euros, de comunicar tales prestacións ao Consello de Contas



Control da Tesourería

- Verificación de que a apertura das contas electorais en entidades de crédito, e a súa notificación á Xunta Electoral Provincial, se levou a cabo segundo establece o artigo 124 da LOREX.
- Todos os fondos destinados a sufragar os gastos electorais, calquera que sexa a súa procedencia, deben ingresarse nas contas electorais e todos os gastos deben pagarse con cargo ás mesmas
- Disposición de fondos das contas correntes de campaña dentro do prazo dos noventa días seguintes ao da votación segundo establece o artigo 125 da LOREX.

1.6. LIMITACIÓNS AO ALCANCE DA FISCALIZACIÓN

No transcurso desta fiscalización non se padeceron limitacións ao alcance, téndose satisfeito os obxectivos propostos.

2. RESULTADOS DA FISCALIZACIÓN

2.1. RESULTADOS ELECTORAIS

No artigo 3 do Decreto 174/2012, do 27 de agosto, de disolución do Parlamento de Galicia e de convocatoria de eleccións, sinalase que en aplicación do artigo 9 da LEPG, o número de deputados a elixir e de 75, distribuídos nas circunscricións de A Coruña (24), Lugo (15), Ourense (14) e Pontevedra (22).

No Acordo da Xunta Electoral de Galicia do 5 de novembro de 2012 fanse públicos os resultados xerais e por circunscricións e a relación de deputados e deputadas proclamados electos nas eleccións ao Parlamento de Galicia realizadas o día 21 de outubro de 2012.

De acordo co artigo 39.1 da LOREX, o censo vixente para estas eleccións é o cerrado a 1 de xuño de 2012. Segundo o mencionado Acordo da Xunta Electoral de Galicia o número de electores censados foi 2.697.717 e os resultados xerais e por circunscricións provinciais foron os seguintes:

Cadro nº 1: Resultados xerais

Censo electoral e participación	
Censo de electores	2.697.717
Participación	1.481.379
Abstención	1.216.338
Votos nulos	37.531
Votos válidos	1.443.848
Votos en branco	38.448
Votos a candidaturas	1.405.400

Cadro nº 2: Reparto de escaños

	Numero de electos por provincia			
	PP	PSdeG-PSOE	AGE	BNG
Coruña, A	13	5	4	2
Lugo	9	4	1	1
Ourense	8	4	1	1
Pontevedra	11	5	3	3
Galicia	41	18	9	7



Cadro nº 3: Reparto de votos

Formación política	Votos obtidos	Numero de electos
Partido Popular	661.281	41
Partido dos Socialistas de Galicia-Partido Socialista Obrero Español	297.584	18
Alternativa Galega de Esquerda (Esquerda Unida-ANOVA)	200.828	9
Bloque Nacionalista Galego	146.027	7
Unión Progreso y Democracia	21.335	---
Escaños en Blanco	17.141	---
Sociedad Civil y Democracia	15.990	---
Compromiso por Galicia	14.586	---
Partido Animalista contra o Maltrato Animal	8.041	---
Democracia Ourenzana	4.245	---
Partido da Terra	3.131	---
Comunistas da Galiza	1.664	---
Unificación Comunista de España	1.556	---
Piratas de Galicia	1.551	---
Centro Democrático Liberal	1.455	---
Falange Española de las J.O.N.S.	1.352	---
Partido Humanista	1.340	---
Por un Mundo más Justo	1.329	---
Unión Coruñesa	1.172	---
Converxencia Vinteún	1.072	---
Hartos.Org y Voto en Blanco	868	---
Solidaridad y Autogestión Internacionalista	489	---
Demos el Cambio	432	---
Partido Social y Democrático de Derecho	412	---
Acción Democrática de Centro de Galicia	360	---
Partido Integración Comunitaria	159	---
Total	1.405.400	75

2.2. TIPOS DE SUBVENCIONS E LÍMITE MÁXIMO DA SUBVENCIÓN

Na LEPG contémlanse dous tipos de subvencións electorais. O apartado 1º do artigo 44 da LEPG dispón que a Comunidade Autónoma subvencionará os gastos electorais de acordo coas seguintes regras:

a) Subvención por cada escano obtido no Parlamento de Galicia.

b) Subvención por voto conseguido por cada candidatura que obteña, polo menos, un escano.

No apartado 2 a LEPG dispón que: "Ademais das subvencións a que se refire o apartado anterior, a Comunidade Autónoma subvencionará aos partidos, federacións, coalicións e agrupacións de electores os gastos ocasionados polo envío directo e persoal aos electores de sobres e papeletas electorais ou de propaganda e publicidade electoral a razón de vinte pesetas por elector, sempre que a candidatura de referencia obteña representación".

As cantidades das subvencións por gastos electorais para as eleccións ao Parlamento de Galicia do día 21 de outubro de 2012 actualizáronse pola Orde da Consellería de Facenda do 28 de agosto de 2012, que estableceu o seguinte:

'Artigo único.- As contías ás que se refire o artigo 44 da Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia, modificada pola Lei 15/1992, do 30 de decembro, e pola Lei 12/2004, do 7 de decembro, unha vez actualizadas, serán as seguintes:

1. Subvención de quince mil cincocentos trinta euros e noventa e tres céntimos (15.530,93 €), por cada escano obtido.

2. Subvención de cincuenta e oito céntimos (0,58 euros), por cada un dos votos acadados por cada candidatura se, polo menos, un dos membros dela obtivo escano de deputado.

3. Ademais das subvencións ás cales se refiren os puntos anteriores, a Comunidade Autónoma subvencionará os partidos, federacións, coalicións e agrupacións de electores, polos gastos ocasionados polo envío directo e persoal aos electores de sobres e papeletas electorais ou propaganda e publicidade electoral, a razón de dezaseis céntimos de euro (0,16 euros) por elector, sempre que a candidatura de referencia obteña representación.

4. O límite dos gastos electorais nas eleccións ao Parlamento de Galicia será o que resulte de multiplicar por corenta e seis céntimos de euro (0,46 €) o número de habitantes correspondentes á poboación de dereito da circunscrición onde presente as súas candidaturas cada partido, federación, coalición ou agrupación de electores.

Para o cálculo do devandito límite non se incluírán as contías subvencionadas de acordo co disposto no número 3 anterior."



A aplicación destas cifras aos resultados electorais orixina a seguinte distribución das subvencións públicas:

Cadro nº 4: Subvencións suxeitas a límite

Formación política	Votos obtidos	Euros voto	Subvención votos (1)	Numero de electos	Euros escano	Subvención escanos (2)	Total (1)+(2)
PP	661.281	0,58	383.542,98	41	15.530,93	636.768,13	1.020.311,11
PSdeG - PSOE	297.584	0,58	172.598,72	18	15.530,93	279.556,74	452.155,46
AGE (EU-ANOVA)	200.828	0,58	116.480,24	9	15.530,93	139.778,37	256.258,61
BNG	146.027	0,58	84.695,66	7	15.530,93	108.716,51	193.412,17
Total	1.305.720	0,58	757.317,60	75	15.530,93	1.164.819,75	1.922.137,35

As subvencións suxeitas ao límite son inferiores, para cada candidatura, ao límite dos gastos electorais no conxunto da Comunidade Autónoma.

O límite máximo da subvención obtense pola suma da subvención suxeita ao límite (escanos e votos) e a subvención non suxeita ao límite (Envíos electorais).

Cadro nº 5: Límite máximo da subvención

Candidatura	Subvención suxeita a límite		Subvención non suxeita a límite		Límite max. Subvención (1)+(2)x(3)
	(1)	Euros/elector (2)	Nº. Electores(3)	Total (2)x(3)	
PP	1.020.311,11	0,16	2.697.717	431.634,72	1.451.945,83
PSdeG-PSOE	452.155,46	0,16	2.697.717	431.634,72	883.790,18
AGE (EU-ANOVA)	256.258,61	0,16	2.697.717	431.634,72	687.893,33
BNG	193.412,17	0,16	2.697.717	431.634,72	625.046,89
Total	1.922.137,35	0,16	2.697.717	1.726.538,88	3.648.676,23

Este límite máximo da subvención queda condicionado a que se xustifique o gasto como regular, de conformidade co establecido no artigo 127 da LOREX, xa que en ningún caso a subvención correspondente a cada candidatura poderá supera-la cifra de gastos electorais declarados, xustificados polo Tribunal de Contas no exercicio da súa función fiscalizadora, (de acordo coa disposición adicional primeira, apartado 1 da citada Lei, en vez de Tribunal de Contas debe lerse Consello de Contas).

2.3 ADIANTOS OU ANTICIPOS DAS SUBVENCIÓNS

O artigo 45.1 da LEPG establece que "A Comunidade Autónoma de Galicia concederá anticipos das subvencións mencionadas aos partidos, coalicións, federacións e agrupacións que obtiveran representantes nas últimas eleccións celebradas ao Parlamento de Galicia, de ata un 30% da subvención percibida naquelas".

De acordo con isto concedéronse os seguintes anticipos de subvencións:

Cadro nº 6: Anticipo de subvención

Formación política	Subvención 2009	Anticipo 30%
PP	1.835.517,72	550.655,31
PSdeG - PSOE	1.392.384,06	417.715,22
AGE (EU-ANOVA)	0	0,00
BNG	957.287,76	287.186,33
Total	4.185.189,54	1.255.556,86

Estas cifras coinciden, en cada un dos casos, co límite do 30% que sinala o mencionado artigo 45, calculado sobre as subvencións outorgadas nas eleccións do 1 de marzo de 2009 ao Parlamento de Galicia.

O artigo 133.4 da LOREX establece: "O Estado (Comunidade Autónoma), no prazo de 30 días posterior á presentación ante o Tribunal de Cuentas (Consello de Contas) da súa contabilidade e en concepto de adianto mentres non conclúan as actuacións do Tribunal de Cuentas (Consello de Contas), entregará aos administradores electorais o 90% do importe das subvencións que, de acordo cos criterios establecidos na presente Lei cos resultados xerais publicados no BOE (DOG), descontado, no seu caso, o anticipo a que se refire o apartado 1 do artigo 127.bis de esta Lei.

Dispón este artigo que para poder recibir o anticipo os partidos, coalicións e federacións deberán presentar aval bancario polo 10% da subvención percibida e certificación acreditativa da adquisición, polos electos pertencentes á formación política, da condición plena de Deputado.

A Xunta de Galicia comunicou, a requirimento deste Consello, o estado da tramitación dos anticipos de subvencións aos partidos políticos.

Da documentación remitida pola Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza dérivase:

- 1º) Que o primeiro anticipo foi pagado nas cantidades correspondentes aos partidos que tiñan dereito a ilo.
- 2º) Que, na data da comunicación (superado o prazo establecido no artigo 133.4 da LOREX), aínda non se fixera efectivo o abono do segundo anticipo ás formacións políticas que obtiveron representación parlamentaria.



2.4. SUBVENCIONS PÚBLICAS PENDENTES DE PERCIBIR

Ao minorarse o límite da subvención derivado das previsións do artigo 44 da LEPG, cos anticipos ou adiantos xa percibidos por cada formación política, a contía máxima pendente de liquidar sería a seguinte:

Cadro nº 7: Subvención teórica máxima pendente de recibir

Formación política	Límite máximo Subvención	Anticipo 30%	Total (1)-(2)
PP	1.451.945,83	550.655,31	901.290,52
PSdeG - PSOE	883.790,18	417.715,22	466.074,96
AGE (EU-ANOVA)	687.893,33	0,00	687.893,33
BNG	625.046,89	287.186,33	337.860,56
Total	3.648.676,23	1.255.556,86	2.393.119,37

O importe máximo da subvención queda condicionado a que se xustifique o gasto, de conformidade co establecido no artigo 127 da LOREX, como xa foi indicado no apartado 2.2 deste informe.

Na liquidación destas contías teranse en conta, no seu caso, as modificacións derivadas das propostas incluídas no presente informe, tendentes á non adxudicación ou redución da subvención pública correspondente de acordo co establecido no artigo 47.3 da LEPG.

2.5. LÍMITE MÁXIMO DE GASTOS

O artigo 44.3 da LEPG, actualizado pola Orde da Consellería de Facenda do 28 de agosto de 2012, establece que: "O límite dos gastos electorais nas eleccións ao Parlamento de Galicia será o que resulte de multiplicar por corenta e seis céntimos de euro (0,46 €) o número de habitantes correspondentes á poboación de dereito da circunscrición onde presente as súas candidaturas cada partido, federación, coalición ou agrupación de electores".

Así mesmo, establece que para o cálculo do devandito límite non se incluírán as contías subvencionadas polos gastos ocasionados polo envío directo e persoal aos electores de sobres e papeletas electorais ou propaganda e publicidade electoral.

A disposición adicional primeira do Real Decreto 605/1999, do 16 de abril, de regulación complementaria dos procesos electorais, establece en canto á determinación do límite dos gastos electorais, que para a aplicación da fórmula regulada nas disposicións especiais da LOREX que permite determina-lo límite dos

gastos electorais que poden realiza-los partidos, federacións, coalicións ou agrupacións en cada tipo de elección, teranse en conta as cifras de poboación resultantes da última revisión do Padrón municipal de habitantes, oficialmente aprobada.

Os datos do Padrón municipal de habitantes en vigor na data da celebración das eleccións foron os declarados polo Real Decreto 1782/2011, do 16 de decembro, do Ministerio de Economía e Facenda, polo que se declaran oficiais as cifras de poboación resultantes da revisión do Padrón municipal referidas ao 1 de xaneiro de 2011. De acordo con estes datos os límites dos gastos electorais fíxanse nas contías seguintes:

Cadro nº 8: Límite de gasto por circunscrición

Circunscricións	Poboación 1.01.2011	€/habitante	Límite de gastos en €
Coruña, A	1.147.124	0,46	527.677,04
Lugo	351.530	0,46	161.703,80
Ourense	333.257	0,46	153.298,22
Pontevedra	963.511	0,46	443.215,06
Galicia	2.795.422	0,46	1.285.894,12

O límite máximo de gastos, sen ter en conta os gastos correspondentes ao envío aos electores de sobres e papeletas electorais ou publicidade e propaganda, da Comunidade Autónoma no seu conxunto, é aplicable a tódalas formacións políticas analizadas, ao concorrer aos comicios nas catro circunscricións.

O límite de gastos nas eleccións de 2012 diminuíu respecto ao das anteriores eleccións xa que a taxa de actualización que se aplicou sobre as contías fixadas en 2009 foi do -20 %. Isto foi debido, segundo o exposto na Orde do 28 de agosto de 2012, ás circunstancias extraordinarias motivadas por unha situación de recesión económica que implican unha importante mingua dos ingresos non financeiros autonómicos.

Isto fixo que o límite de gasto se situara nos importes establecidos para as eleccións do ano 2001 tal como se expón no seguinte cadro:

Cadro nº 9: Histórico do límite de gasto electoral

Ano	Poboación	Límite de gasto por habitante	Límite de gasto
1997	2.825.020	0,41	1.158.258,20
2001	2.731.900	0,46	1.256.674,00
2005	2.750.985	0,52	1.430.512,20
2009	2.784.169	0,58	1.614.818,02
2012	2.795.422	0,46	1.285.894,12



A este límite de gastos habería que sumarlle a subvención por electores que non está suxeita a límite de gastos, co que resultaría un volume máximo de gastos para cada partido, coalición ou agrupación de electores en 2012 de 1.717.528,84 euros, de acordo co seguinte detalle.

Cadro nº 10: Volume máximo de gasto

Concepto	Importe
Límite de gastos	1.285.894,12
Subvención non suxeita a límite	431.634,72
Total	1.717.528,84

A LOREX establece ademais outro límite de obrigado cumprimento aos gastos electorais que é o establecido polo artigo 58 da LOREX, relativo ós gastos de publicidade en prensa periódica e nas emisoras de radio privadas, nos que as formacións políticas tampouco poden superar o 20% do límite de gastos, ascendendo a 257.178,82 euros (20% x 1.285.894,12 euros). O límite establecido por este artigo é aplicable ás eleccións ao Parlamento de Galicia en virtude do disposto na disposición adicional primeira da LOREX e no artigo 25.4 da LEPG.

2.6. ACTUACIÓNS DAS XUNTAS ELECTORAIS

O artigo 132.1 da LOREX, prevé que desde a data de convocatoria ata o centésimo día posterior á celebración das eleccións, as Xuntas Electorais velarán polo cumprimento das normas establecidas en dita Lei sobre gastos e subvencións electorais, engadindo o apartado 5º que "*así mesmo as Xuntas Electorais informarán ao Tribunal de Contas dos resultados da súa actividade fiscalizadora*".

A Xunta Electoral de Galicia comunicou a este Consello de Contas o nome dos Administradores Xerais dos partidos políticos, as contas correntes abertas nas Entidades Financeiras, os préstamos e créditos solicitados e a súa afectación á subvención.

Para dar cumprimento ao disposto no artigo 132.5 da LOREX, o Consello de Contas solicitou por escrito á Xunta Electoral de Galicia a información detallada da súa actividade fiscalizadora, sen que ata a data de peche do presente informe se tivese recibido a mesma.

2.7. RESUME DE CONCLUSIÓNS

Formúlase de xeito diferenciado para cada partido político as conclusións que se consideran procedentes, poñéndose especial énfase na rendición de contas da contabilidade detallada e documentada nos prazos

previstos, a información que as entidades financeiras deben remitir ao Consello de Contas sobre as concesións de créditos ás formacións políticas, a información da facturación realizada por provedores e acredores superiores 10.000 euros, así como as propostas de adxudicación, redución ou non adxudicación das subvencións que constan neste informe.

2.8. DECLARACIÓN DE GASTOS REGULARES XUSTIFICADOS

Finalmente, emítese unha declaración que tendo en conta os gastos xustificadas pon de manifesto a cifra máxima que pode acadar a subvención pública unha vez descontados os adiantos percibidos e, polo tanto os importes líquidos pendentes de percibir por cada un dos partidos políticos que obtiveron representación parlamentaria.

3. REGULARIDADE DAS CONTABILIDADES ELECTORAIS

O artigo 121.2 da LOREX, conforme á redacción dada pola Lei Orgánica 8/1991, do 13 de marzo, establece que a contabilidade se axustará en todo caso aos principios xerais contidos no vixente Plan Xeral de Contabilidade.

De seguido, poranse de manifesto para cada formación política ás que se estende o alcance desta fiscalización, o resultado das verificacións realizadas no transcurso da revisión así como a opinión de auditoría sobre a representatividade das respectivas contas electorais.



3.1. PARTIDO POPULAR

3.1.1. Documentación remitida

Co número 224 de rexistro de entrada neste Consello, de data 19 de febreiro de 2013, recibíuse, dentro do prazo legal previsto no artigo 46.1 da LEPG, a documentación contable electoral correspondente ás eleccións autonómicas de 2012.

Na fiscalización realizada sobre a totalidade de documentos e estados rendidos observáronse as seguintes particularidades:

3.1.2. Recursos financeiros

Os recursos financeiros declarados na contabilidade rendida polo PP para a súa campaña electoral ascenden a 1.950.655,31 euros.

Estes recursos pódense agrupar, segundo a súa procedencia, nos seguintes conceptos:

Cadro nº 11: Ingresos declarados PP

RECURSOS DECLARADOS	Euros
Achegamentos de persoas físicas ou xurídicas	0,00
Operacións de endebedamento	900.000,00
Anticipos da Administración	550.655,31
Aportacións do partido	500.000,00
Ingresos financeiros	0,00
Outros ingresos	0,00
TOTAL RECURSOS	1.950.655,31

Non consta que houbera contribucións de persoas físicas.

O PP subscribiu unha póliza de contrato de conta de crédito cunha entidade bancaria, cun límite de crédito de 900.000 euros. A data do seu vencemento é o 28 de setembro de 2013. En garantía do pago aféctanse o dereito ao cobro das subvencións que poida recibir o PP polos resultados electorais, polo envío de papeletas, sobres ou publicidade, como consecuencia da súa participación nas eleccións ao Parlamento de Galicia.

Verificouse a procedencia dos fondos aportados polo partido de acordo co disposto no artigo 126.3 da LOREX.

Así mesmo, o financiamento público recolle o anticipo do 30% das cantidades concedidas en concepto de subvención electoral nas anteriores eleccións ao Parlamento de Galicia en 2009, tal como dispoñen o artigo 45 da LEPG e o 127 da LOREX. O importe contabilizado por este concepto ascende a 550.655,31 euros, cantidade que coincide coa transferida pola Xunta de Galicia.

A formación política recoñeceu en contas a estimación da subvención a cobrar da Xunta de Galicia segundo os resultados alcanzados, aplicando o principio de devindicación de acordo co artigo 121.2 da LOREX. Este recoñecemento fixose mediante un cargo nunha conta do subgrupo 44 – Debedores varios, e un abono na conta 740 – Subvencións oficiais á explotación. O importe total do asento foi de 763.085,80 euros.

3.1.3. Gastos electorais

3.1.3.1. Gastos por operacións ordinarias

A separación dos gastos que corresponden a operacións ordinarias de campaña dos que corresponden ao envío persoal e directo aos electores de sobres, papeletas e propaganda e publicidade electorais, fixose empregando subcontas da conta 627-Publicidade, propaganda e relacións públicas.

Os gastos por operacións ordinarias declarados polo PP ascenderon a 1.234.842,19 euros, agrupándose, en base á conta de resultados, nos seguintes conceptos:

Cadro nº 12: Gastos ordinarios declarados PP

GASTOS POR OPERACIONES ORDINARIAS	Euros
A) Gastos declarados	1.234.842,19
Gastos de publicidade exterior	222.185,04
Gastos de publicidade en prensa e radio (art. 58 LOREX)	252.197,42
Gastos financeiros liquidados	3.879,60
Estimación de gastos financeiros	13.875,70
Cutros gastos ordinarios	742.704,43
B) Gastos reclasificados netos	0,00
C) Gastos irregulares	0,00
Gastos con xustificación insuficiente ou non xustificadas	0,00
Gastos fora de prazo	0,00
Gastos de natureza non electoral	0,00
D) Gastos por envíos de propaganda electoral xustificadas non cubertos pola subvención	0,00
E) Total gastos electorais ordinarios xustificadas (A)+(B)-(C)+(D)	1.234.842,19

Revisouse o 100% da documentación acreditativa dos rexistros contables.



Respecto a estes gastos ordinarios de campaña, o Consello de Contas realiza as seguintes observacións:

- Os gastos liquidados pola operación de crédito foron incluídos na súa totalidade na contabilidade do PP, e comprenden os gastos de formalización por importe de 2.796,08 euros, e a liquidación de xuros por 3.879,60 euros, así como a previsión de xuros á que se refire o artigo 130.g) da LOREX, por importe de 13.875,70 euros. O cálculo dos xuros previstos estímase correcto.

De todo o exposto dérivase que o importe dos gastos electorais ordinarios xustificados elévase a 1.234.842,19 euros.

3.1.3.2. Gastos por envíos electorais

Os gastos electorais ocasionados polo envío directo e persoal aos electores de propaganda electoral, que se tratan de forma diferenciada no artigo 44.2 da LEPG, ascenderon, segundo a contabilidade do PP, a 293.430 euros.

Estes gastos rexistráronse pola formación política nos seguintes conceptos:

Cadro nº 13: Gastos por envíos de propaganda declarados PP

GASTOS POR ENVÍO DE PROPAGANDA ELECTORAL	Euros
A) Gastos declarados	293.430,00
Gastos financeiros liquidados	0,00
Estimación de gastos financeiros	0,00
Outros gastos de envío	293.430,00
B) Gastos reclasificados netos	0,00
C) Gastos irregulares	0,00
Gastos con xustificación insuficiente ou non xustificadas	0,00
Gastos fora de prazo	0,00
Gastos de natureza non electoral	0,00
D) Total gastos electorais por envíos xustificadas (A) +(B)-C)	293.430,00
E) Número de envíos xustificadas con dereito a subvención	2.322.606
F) Gastos por envíos xustificadas non cubertos pola subvención	0,00

Examínouse a totalidade da documentación acreditativa das anotacións contables sen que se atopasen incidencias destacables. Polo tanto os gastos regulares xustificadas ascenden á cantidade de 293.430 euros

3.1.4. Cálculo do límite de gastos electorais

O límite máximo de gastos analizouse no apartado 2.5 deste informe, ascendendo a 1.285.894,12 euros, xa que esta formación concorreu ás eleccións nas catro circunscricións.

Ademais, hai que ter en conta que a subvención por envíos electorais (para envío de sobres, papeletas, publicidade e propaganda) ten un límite máximo de subvención de 431.634,72 euros, (2.697.717 electores por 0,16 euros por elector).

A comparación entre os gastos contabilizados e o límite máximo de gastos é a seguinte:

Cadro nº 14: Límites de gastos PP

LÍMITES DE GASTOS NO PROCESO		Euros
Límite máximo de gastos		1.285.894,12
Gastos a considerar a efectos do límite máximo de gastos		1.234.842,19
Exceso no límite de gastos		0,00
Límite de gastos de publicidade en prensa e radio (art.58 LOREG)		257.178,82
Gastos a considerar a efectos de límite		252.197,42
Exceso no límite de gastos de publicidade en prensa e radio		0,00

Como se observa, os gastos contabilizados non superan ao límite legalmente previsto.

O límite de gastos de **publicidade en prensa periódica e emisoras de radio privadas**, establecido polo artigo 58 da LOREG, ascende a 257.178,82 euros (véxase o apartado 2.5 deste informe). O importe dos gastos electorais declarados por este concepto foi de 252.197,42 euros, que non supera o límite legal antes referido.

3.1.5. Verificación do cumprimento do artigo 133.4

Conforme ao establecido no artigo 133.4 da LOREG, a entidade financeira outorgante do crédito remitiu ao Consello de Contas a información relativa á operación descrita no apartado relativo aos recursos financeiros.

3.1.6. Verificación do cumprimento do artigo 133.5

O 100% das empresas suxeitas á obriga de comunicar datos da súa facturación debido a que se tivese superado a cantidade de 10.000 euros, cumpriron coa dita obriga de xeito oportuno. Neste caso atópanse 20 empresas que facturaron servizos prestados por un importe de 1.464.387,61 euros.

Non se atoparon outras incidencias dignas de mención.



3.1.7. Tesourería da campaña

Fondos líquidos

Con carácter xeral tódolos ingresos e pagamentos contabilizados fixéronse por medio da conta corrente aberta para a campaña electoral, tal como establece o artigo 125.1 da LOREX, agás no caso da contabilización das aportacións do propio partido, xa que se empregou erroneamente unha conta do subgrupo 57 Tesourería para recolle-las disposicións de efectivo producidas nunha conta corrente que non tiña o carácter de electoral.

Dado que nesta conta de tesourería so se contabilizaron os abonos correspondentes ás retiradas de fondos para o seu ingreso na conta electoral en concepto de traspaso de contas, o saldo da contabilidade é acredor co que aparece como un descuberto na conta corrente, o que non se corresponde coa realidade.

Deberíase ter empregado unha conta do grupo 7 - Ingresos, para contabilizar as aportacións do propio partido con cargo á conta de tesourería vinculada á conta bancaria electoral.

O resumo das conclusións alcanzadas nesta área é o seguinte:

Cadro nº 15: Tesourería PP

TESOURERÍA DE CAMPANA	
Conta bancaria electoral	SI
Fondos non ingresados na conta electoral	NON
Gastos pagados con cargo a contas non electorais	NON
Pagamentos fora do prazo previsto no art.125.3 LOREG	NON
Débeda cos provedores	NON

Xuros devindicados

Na data de peche da contabilidade electoral, rendida ao Consello de Contas, só figuran como obrigas pendentes de pago os xuros devindicados e non vencidos do préstamo concertado pola formación política, así como o reintegro do saldo disposto no mencionado crédito. O correcto sería rexistrar contablemente os xuros na conta 527 – Xuros a corto prazo de débedas con entidades de crédito, en lugar da conta 410.

Contas bancarias

A conta 5721181, corresponde á conta corrente da campaña electoral, e presenta un saldo debedor na data de peche da contabilidade de 436.258,82 euros.

A conta 5720181, rexistra, como xa se dixo, as aportacións do partido para afrontar os gastos electorais, presentando un saldo acreedor na data de peche de 500.000 euros, a totalidade das aportacións recibidas.

Prazo dos pagamentos

Todos os pagamentos se fixeron dentro do prazo establecido no artigo 125.3 da LOREX.

3.1.8. Cálculo do límite máximo da subvención

Como xa se expuxo no apartado 2.2 deste informe e segundo o Acordo do 5 de novembro de 2012 polo que se fan públicos os resultados xerais e por circunscricións e a relación de deputados e deputadas proclamados electos nas eleccións ao Parlamento de Galicia realizadas o día 21 de outubro de 2012, o importe das subvencións a que tería dereito o PP serían, na opinión do Consello de Contas, as seguintes:

Cadro nº 16: Subvencións electorais PP

LIQUIDACION	Euros
Subvención máxima por gastos ordinarios	1.020.311,11
Gastos ordinarios xustificados	1.234.842,19
A) Subvención que correspondería	1.020.311,11
Subvención máxima por gastos de envíos electorais	431.634,72
Gastos por envíos electorais xustificados	293.430,00
B) Subvención que correspondería	293.430,00
C) Gastos de natureza non electoral	0,00
D) Exceso no límite de gastos de publicidade	0,00
(A)+(B)-(C)-(D)	1.313.741,11
Anticipo percibido	550.655,31
Subvención por liquidar	763.085,80

En consecuencia, a subvención pendente de outorgar non poderá ser superior, en ningún caso, a 763.085,80 euros.



3.1.9. Proposta de non adxudicación ou de redución da subvención electoral

Vistos os resultados da fiscalización da contabilidade electoral do Partido Popular para as eleccións ao Parlamento de Galicia celebradas o día 21 de outubro de 2012, o Consello de Contas, resolve non formular ningunha das propostas de non adxudicación ou de redución da subvención electoral previstas no artigo 47.3 da LEPG.

3.1.10. Conclusións

En base ás actuacións realizadas emítense as seguintes conclusións:

1. A documentación requirida foi remitida dentro dos prazos legalmente establecidos.
2. Verificouse o cumprimento dos requisitos relativos á documentación esixida e á levanza dos rexistros contables elaborados con base na mesma.
3. Os gastos realizados quedaron acreditados mediante a documentación remitida e examinada, atopándose comprendidos dentro dos límites legais.
4. Verificouse o cumprimento da legalidade, tanto da estritamente electoral como a de xeral aplicación.
5. A contabilidade electoral rendida polo Partido Popular é representativa agás polo saldo acreedor dunha conta de Tesourería por importe de 500.000 euros, xa que non é unha conta asociada a unha conta corrente electoral.

Ademais, considérase procedente formular as seguintes observacións:

- De acordo co disposto nos artigos 124 e 125 da LOREX, so se deben empregar contas bancarias abertas expresamente para a recadación de fondos destinados a sufragar os gastos electorais e para pagar estes.
- As aportacións do propio partido débense contabilizar aboando unha conta do grupo 7 - Ingresos con cargo á conta de tesourería vinculada á conta bancaria electoral.
- Os xuros devindicados e non vencidos deben contabilizarse con abono á conta 527.- Xuros a curto prazo de débedas con entidades de crédito, en vez da conta 410 acredores por prestación de servizos. A conta 527 recolle precisamente no Haber o importe dos xuros devindicados durante o exercicio, incluídos os non vencidos, con cargo ás contas 662 e 663.

3.1.11. Opinión

1º) Auditamos as contas electorais do Partido Popular, correspondentes ás eleccións ao Parlamento de Galicia celebradas o 21 de outubro de 2012, que comprenden o Balance de Situación e a conta de Perdas e Ganancias, correspondentes aos gastos e ingresos electorais, sendo a súa formulación responsabilidade do Administrador Xeral do partido.

2º) A nosa responsabilidade non é expresar unha opinión sobre as Contas Anuais da formación política no seu conxunto, senón fiscaliza-los ingresos e gastos electorais e realizar unha proposta de subvención, tendo en conta os gastos electorais regulares xustificadas ao Consello de Contas, o límite máximo de gastos e o límite máximo de subvención que corresponde ao Partido Popular de acordo cos seus resultados electorais.

3º) O traballo foi realizado de acordo coas normas de auditoría xeralmente aceptadas, que inclúen o exame, mediante a realización de probas de verificación dos xustificantes de importe superior a 1.000 euros, da evidencia xustificativa das contas electorais e a avaliación da súa presentación e dos principios contables aplicados e das estimacións realizadas.

4º) Na nosa opinión as contas electorais presentadas pola formación política expresan, nas áreas de gastos e ingresos, a imaxe fiel das súas operacións, contendo a información suficiente para a súa axeitada interpretación e comprensión agás polas observacións reflectidas no apartado 3.1.10 anterior.

5º) A proposta de subvención que formula o Consello de Contas para o Partido Popular é de 1.313.741,11 euros. A esta cantidade hai que descontarlle 550.655,31 euros, en concepto de anticipos recibidos a conta, resultando un importe líquido a percibir de 763.085,80 euros.

3.1.12. Alegacións

Ao abeiro do disposto no artigo 58.a) do Regulamento de Réxime Interior do Consello de Contas de Galicia, aprobado por Resolución do 25 de xuño de 1992 do Parlamento de Galicia (DOG nº 138, venres, 17 de xuño de 1992), púxose en coñecemento do Partido Popular o resultado das actuacións deste Consello de Contas, dándolle un prazo de 10 días para a formulación das alegacións que, de ser o caso, considerasen oportunas.

Con data 26 de abril de 2013, o Administrador Xeral acreditado remitiu escrito no que se expresa que o Partido Popular decidiu "non presentar ningunha clase de alegacións ao proxecto de informe".



3.2. PARTIDO DOS SOCIALISTAS DE GALICIA - PARTIDO SOCIALISTA OBRERO ESPAÑOL

3.2.1. Documentación remitida

Con data 18 de febreiro de 2013, rexistro de entrada número 218, recibíuse, dentro do prazo previsto no artigo 46.1 da LEPG, a documentación contable electoral correspondente ás eleccións autonómicas do 21 de outubro de 2012.

Na fiscalización realizada sobre a totalidade de documentos e estados rendidos observáronse as seguintes particularidades:

3.2.2. Recursos financeiros

Os recursos financeiros declarados na contabilidade rendida polo PSdeG-PSOE para a súa campaña electoral ascenden a 976.715,21 euros.

Estes recursos pódense agrupar, segundo a súa procedencia, nos seguintes conceptos:

Cadro nº 17: Ingresos declarados PSdeG-PSOE

RECURSOS DECLARADOS	Euros
Aportacións de persoas físicas ou xurídicas	0,00
Operacións de endebedamento	559.000,00
Anticipos da Administración	417.715,21
Aportacións do partido	0,00
Ingresos financeiros	0,00
Outros ingresos	0,00
TOTAL RECURSOS	976.715,21

Non consta que houbera contribucións de persoas físicas ou xurídicas nin do partido.

O PSdeG-PSOE subscribiu dúas pólizas de contrato de conta de crédito con dúas entidades bancarias, unha cun límite de 350.000 euros e data de vencemento o 1 de outubro de 2013 e, outra cun límite de 209.000 euros e data de vencemento o 30 de abril de 2014. En garantía do pago aféctase o dereito ao cobro das subvencións que poida recibir o PSdeG-PSOE polos resultados electorais e polo envío de papeletas, sobres ou publicidade, como consecuencia da súa participación nas eleccións ao Parlamento de Galicia.

A formación política non recoñeceu en contas a estimación da subvención a cobrar da Xunta de Galicia segundo os resultados alcanzados.

A entidade concedente do crédito de 209.000 euros non cumpriu coa obriga de información establecida polo artigo 133.3 da LOREX, polo que foi circularizada.

O financiamento público recolle o anticipo do 30% das cantidades concedidas en concepto de subvención electoral nas últimas eleccións celebradas ao Parlamento de Galicia, tal como dispoñen o artigo 45 da LEPG e o 127 da LOREX. A contía total do anticipo ascende a 417.715,21 euros.

3.2.3. Gastos electorais

3.2.3.1. Gastos por operacións ordinarias

O PSdeG-PSOE presentou os seus estados contables separando as operacións ordinarias das que corresponden aos envíos electorais.

Os gastos por operacións ordinarias declarados polo PSdeG-PSOE ascenderon a 940.887,71 euros, agrupándose nos seguintes conceptos:

Cadro nº 18: Gastos ordinarios declarados PSdeG-PSOE

GASTOS POR OPERACIONES ORDINARIAS	Euros
A) Gastos declarados	940.887,71
Gastos de publicidade exterior (art. 55 LOREX)	209.846,21
Gastos de publicidade en prensa e radio (art. 58 LOREX)	201.726,52
Gastos financeiros liquidados	1.792,50
Estimación de gastos financeiros	6.513,07
Outros gastos ordinarios	521.009,41
B) Gastos reclasificados netos	0,00
C) Gastos irregulares	0,00
Gastos con xustificación insuficiente ou non xustificadas	0,00
Gastos fora de prazo	0,00
Gastos de natureza non electoral	0,00
D) Gastos por envíos de propaganda electoral xustificadas non cubertos pola subvención	7,50
E) Total gastos electorais ordinarios xustificadas (A)+(B)-(C)+(D)	940.895,21

Revisouse o 100% da documentación acreditativa dos rexistros contables.

Respecto a estes gastos ordinarios de campaña, o Consello de Contas realiza as seguintes observacións:



- Inclúense nos gastos ordinarios a cantidade de 7,50 euros correspondentes ao importe dos gastos por envíos electorais que non resulta cuberto pola subvención a percibir.

- Os gastos liquidados pola operación de crédito foron incluídos na súa totalidade na contabilidade do PSdeG-PSOE, e comprenden os gastos de formalización, a previsión de xuros á que se refire o artigo 130.g) da LOREX e os intereses liquidados. O cálculo dos xuros previstos estímase correcto.

De todo o exposto dedúcese que o importe dos gastos electorais ordinarios xustificadas, polo PSdeG-PSOE, elévase a 940.895,21 euros.

3.2.3.2. Gastos por envíos electorais

Os gastos electorais ocasionados polo envío directo e persoal aos electores de propaganda electoral, que se tratan de forma diferenciada no artigo 44.2 da LEPG, ascenderon, segundo a contabilidade do PSdeG-PSOE, a 367.876,94 euros.

Estes gastos rexistráronse pola formación política nos seguintes conceptos:

Cadro nº 19: Gastos por envíos de propaganda declarados PSdeG-PSOE

GASTOS POR ENVÍO DE PROPAGANDA ELECTORAL	Euros
A) Gastos declarados	367.876,94
Gastos financeiros liquidados	2.549,91
Estimación de gastos financeiros	7.122,69
Outros gastos de envío	358.204,34
B) Gastos reclasificados netos	0,00
C) Gastos irregulares	0,00
Gastos con xustificación insuficiente ou non xustificadas	0,00
Gastos fora de prazo	0,00
Gastos de natureza non electoral	0,00
D) Total gastos electorais por envíos xustificadas (A) +(- B)-C)	367.876,94
E) Número de envíos xustificadas con dereito a subvención	2.299.184
F) Gastos por envíos xustificadas non cubertos pola subvención	7,50

Examinouse a totalidade da documentación acreditativa das anotacións contables sen atopar ningunha incidencia destacable, realizando este Consello de Contas a seguinte observación:

- O total dos gastos regulares xustificados ascende á cantidade de 367.876,94 euros, importe que supera a contía máxima da subvención establecida para este concepto en función do número de envíos xustificados, na cantidade de 7,50 euros, polo que esta diferenza se imputa a gastos ordinarios.

3.2.4. Cálculo do límite máximo de gastos

O límite máximo de gastos analizouse no apartado 2.5 deste informe, ascendendo a 1.285.894,12 euros, xa que esta formación concorreu ás eleccións nas catro circunscricións.

Ademais, hai que ter en conta que a subvención por envíos electorais (para envío de sobres, papeletas, publicidade e propaganda) ten un importe máximo de subvención de 431.634,72 euros, (2.697.717 electores por 0,16 euros por elector).

A comparación entre os gastos contabilizados e o límite máximo de gastos é a seguinte:

Cadro nº 20: Límites de gastos PSdeG-PSOE

LIMITES DE GASTOS NO PROCESO	Euros
Límite máximo de gastos	1.285.894,12
Gastos a considerar a efectos do límite máximo de gastos	940.895,21
Exceso no límite de gastos	NON
Límite de gastos de publicidade en prensa e radio (art.58 LOREG)	257.178,82
Gastos a considerar a efectos de límite	201.726,52
Exceso no límite de gastos de publicidade en prensa e radio	NON

Como se observa, os gastos contabilizados non superan ao límite legalmente previsto.

O límite de gastos de **publicidade en prensa periódica e emisoras de radio privadas**, establecido polo artigo 58 da LOREG, ascende a 257.178,82 euros (véxase o apartado 2.5 deste informe). O importe dos gastos electorais declarados por este concepto foi de 201.726,52 euros, que non supera o límite legal antes referido.

3.2.5. Verificación do cumprimento do artigo 133.4 da LOREG

Só unha das dúas entidades financeiras outorgantes de créditos a esta formación remitiu ao Consello de Contas a información relativa ás operacións descritas no apartado relativo aos recursos financeiros, conforme ao establecido no artigo 133.3 da LOREG. Por elo, procedeuse a circularizar a esta entidade financeira que non comunicou, dentro do prazo establecido no artigo 133 da LOREG, noticia detallada dos créditos concedidos ás diferentes formacións políticas.



3.2.6. Verificación do cumprimento do artigo 133.5 da LOREX

O 83% das empresas suxeitas á obriga de comunicar datos da súa facturación debido a que se tivese superado o importe de 10.000, euros cumpriron coa dita obriga de xeito oportuno. Neste caso atópanse 10 empresas que facturaron servizos prestados por un importe de 1.249.590 euros.

Circularizouse a dúas empresas que non comunicaron a súa facturación para verificar que existe coincidencia entre os importes facturados que figuran rexistrados na contabilidade do partido político e os importes resultantes da información derivada desa circularización.

Non se atoparon outras incidencias dignas de mención.

3.2.7. Tesourería da campaña

Fondos líquidos

Tódolos ingresos e pagamentos contabilizados fixéronse por medio das contas correntes abertas para a campaña electoral, tal como establece o artigo 125.1 da LOREX, ben directamente ou ao través da caixa do partido, con fondos procedentes das devanditas contas correntes.

O resumo das conclusións alcanzadas nesta área é o seguinte:

Cadro nº 21: Tesourería PSdeG-PSOE

TESORERÍA DE CAMPAÑA	
Conta bancaria electoral	SI
Fondos non ingresados na conta electoral	NON
Gastos pagados con cargo a contas non electorais	NON
Pagamentos fora do prazo previsto no art.125.3 LOREG	49.999,62
Débeda cos provedores	NON

Contas bancarias

As contas correspondentes á campaña electoral presentan un saldo na data de peche da contabilidade de 0 euros.

Xuros devindicados

Na data de peche da contabilidade electoral rendida ao Consello de Contas, figuran como obrigas pendentes de pago os xuros devindicados e non vencidos dos préstamos concertados pola formación política e o reintegro do saldo disposto dos mencionados créditos.

Débedas

Non existen débedas con provedores na data de peche da contabilidade.

Prazo dos pagamentos

Tódolos pagamentos excepto un se realizaron dentro do prazo establecido no artigo 125.3 da LOREX.

3.2.8. Cálculo do límite máximo da subvención

De acordo co exposto no apartado 2.1 deste informe relativo aos importes das subvencións electorais e co Acordo do 5 de novembro de 2012 polo que se fan públicos os resultados xerais e por circunscricións e a relación de deputados e deputadas proclamados electos nas eleccións ao Parlamento de Galicia realizadas o día 21 de outubro de 2012, o importe das subvencións a que tería dereito o PsdeG-PSOE serían as seguintes:

Cadro nº 22: Subvencións electorais PsdeG-PSOE

LIQUIDACION	Euros
Subvención máxima por gastos ordinarios	452.155,46
Gastos ordinarios xustificados	940.895,21
A) Subvención que correspondería	452.155,46
Subvención máxima por gastos de envíos electorais	431.634,72
Gastos por envíos electorais xustificados	367.876,94
B) Subvención que correspondería	367.869,44
C) Gastos de natureza non electoral	0,00
D) Exceso no límite de gastos de publicidade	0,00
(A)+(B)-(C)-(D)	820.024,90
Anticipo percibido	417.715,22
Subvención por liquidar	402.309,68

En consecuencia, a subvención pendente de outorgar non poderá ser superior, en ningún caso, a 402.309,68 euros.

3.2.9. Proposta de non adxudicación ou de redución da subvención electoral

Vistos os resultados da fiscalización da contabilidade electoral do Partido dos Socialistas de Galicia-Partido Socialista Español para as eleccións mencionadas, este Consello de Contas resolve non formular ningunha das propostas de non adxudicación ou de redución da subvención electoral previstas no artigo 47.3 da LEPG.



3.2.10. Conclusións

En base ás actuacións realizadas emítense as seguintes conclusións:

1. A documentación requirida foi remitida dentro dos prazos legalmente establecidos.
2. Verifícase o cumprimento dos requisitos relativos á documentación esixida e á levanza dos rexistros contables elaborados con base na mesma.
3. Os gastos realizados quedaron acreditados mediante a documentación remitida e examinada, atopándose comprendidos dentro dos límites legais.
4. Verifícase o cumprimento da legalidade, tanto da estritamente electoral como a de xeral aplicación.
5. A contabilidade electoral rendida polo PSdeG-PSOE é representativa.

3.2.11. Opinión

1º) Auditamos as contas electorais do PSdeG-PSOE, correspondentes ás eleccións ao Parlamento de Galicia celebradas o 21 de outubro de 2012, que comprenden o Balance de situación e a conta de Perdas e Ganancias, correspondentes aos gastos e ingresos electorais, sendo a súa formulación responsabilidade do Administrador Xeral do partido.

2º) A nosa responsabilidade non é expresar unha opinión sobre as Contas Anuais da formación política no seu conxunto, senón fiscalizar os ingresos e gastos electorais e realizar unha proposta de subvención, tendo en conta os gastos electorais regulares xustificadas ao Consello de Contas, o límite máximo de gastos e o límite máximo de subvención que corresponde ao partido de acordo cos seus resultados electorais.

3º) O traballo foi realizado de acordo coas normas de auditoría xeralmente aceptadas, que inclúen o exame, mediante a realización de probas de verificación do total de xustificantes (100%), da evidencia xustificativa das contas electorais e a avaliación da súa presentación e dos principios contables aplicados e das estimacións realizadas.

4º) Na nosa opinión as contas electorais presentadas pola formación política expresan, nas áreas de gastos e ingresos, a imaxe fiel das súas operacións, contendo a información suficiente para a súa axeitada interpretación e comprensión.

5º) A proposta de subvención que formula o Consello de Contas para o Partido dos Socialistas de Galicia-Partido Socialista Obrero Español ascende a 820.024,90 euros, cantidade á que hai que descontarlle os

anticipos recibidos a conta por importe de 417.715,22 euros, resultando un importe líquido a percibir de 402 309,68 euros.

3.2.12. Alegacións

Ao abeiro do disposto no artigo 58.a) do Regulamento de Réxime Interior do Consello de Contas de Galicia, aprobado por Resolución do 25 de xuño de 1992 do Parlamento de Galicia (DOG nº 138, venres, 17 de xuño de 1992), púxose en coñecemento do PSdeG-PSOE o resultado das actuacións deste Consello de Contas, dándolle un prazo de 10 días para a formulación das alegacións que, de ser o caso, considerasen oportunas.

Con data 26 de abril de 2013, o Administrador Xeral acreditado remitiu escrito no que se expresa: "por medio do presente escrito e na representación que ostento veño a poñer de manifesto non presentar alegacións, ao non encontrar motivo que contraveña a regularidade da contabilidade presentada e os resultados Provisionais da Fiscalización levada a cabo por ese Consello de Contas".



3.3. ALTERNATIVA GALEGA DE ESQUERDA (ESQUERDA UNIDA – ANOVA)

3.3.1. Documentación remitida

Con número 233 de rexistro de entrada neste Consello, de data 20 de febreiro de 2013, recibíuse, dentro do prazo legal previsto no artigo 46.1 da LEPG, a documentación contable electoral correspondente ás eleccións autonómicas celebradas o 21 de outubro de 2012.

A documentación remítiuse acompañada por un escrito dos administradores xerais mancomunados desta formación política. Acompañan, así mesmo, comunicación á Xunta electoral de Galicia do nomeamento dos administradores xerais no proceso electoral, comunicación da apertura da conta corrente electoral e da afección dos créditos electorais a favor do Banco Popular. Remítese tamén o acordo de constitución da coalición electoral Alternativa Galega de Esquerda.

Na fiscalización realizada sobre a totalidade de documentos e estados rendidos, obsérvanse as seguintes particularidades:

3.3.2. Recursos financeiros

Os recursos financeiros declarados na contabilidade rendida por AGE para a súa campaña electoral ascenden a 550.099,82 euros.

Estes recursos pódense agrupar, segundo a súa procedencia, nos seguintes conceptos:

Cadro nº 23: Ingresos declarados AGE

RECURSOS DECLARADOS	Euros
Aportacións de persoas físicas ou xurídicas	650,00
Operacións de endebedamento	0,00
Anticipos da Administración	0,00
Aportacións do partido	549.449,82
Ingresos financeiros	0,00
Outros ingresos	0,00
TOTAL RECURSOS	550.099,82

Esta formación no puido solicitar o anticipo do 30% das cantidades concedidas en concepto de subvención electoral nas últimas eleccións celebradas ao Parlamento de Galicia en 2009, ao non ter dereito a el por no se ter presentado ao anterior proceso electoral.

De acordo coa información subministrada polos administradores electorais, nas achegas procedentes da tesourería ordinaria dos partidos que configuran AGE inclúense os fondos procedentes de dous créditos bancarios subscritos por Izquierda Unida (IU), por importe de 150.000 euros e 160.000 euros, o que fai un total de 310.000 euros.

En garantía do pago dos mencionados créditos afectouse a totalidade das subvencións que poida recibir AGE polos resultados das eleccións ao Parlamento de Galicia do 21 de outubro de 2012.

Tamén figura como achega de IU a cantidade de 98.425,88 euros que corresponden a dúas facturas das que se fai cargo directamente esta formación política.

3.3.3. Gastos electorais

3.3.3.1. Gastos por operacións ordinarias

A separación entre os gastos que corresponden a operacións ordinarias de campaña e os gastos que corresponden ao envío persoal e directo aos electores de sobres, papeletas e propaganda e publicidade electorais, faise empregando dúas contas do subgrupo 67 – Perdas procedentes de activos non correntes y gastos excepcionais.

Os gastos de operacións ordinarias ascenderon a 288.628,28 euros, agrupándose nos seguintes conceptos:

Cadro nº 24: Gastos ordinarios declarados AGE

GASTOS POR OPERACIONES ORDINARIAS	Euros
A) Gastos declarados	288.628,28
Gastos de publicidade exterior (art.55 LOREX)	24.962,29
Gastos de publicidade en prensa e radio (art. 58 LOREX)	1.052,70
Gastos financeiros liquidados	0,00
Estimación de gastos financeiros	0,00
Outros gastos ordinarios	262.613,29
B) Gastos reclasificados netos	0,00
C) Gastos irregulares	0,00
Gastos con xustificación insuficiente ou non xustificadas	0,00
Gastos fora de prazo	0,00
Gastos de natureza non electoral	0,00
D) Gastos por envíos de propaganda electoral xustificadas non cubertos pola subvención	37.474,45
E) Total gastos electorais ordinarios xustificadas (A)+(B)-(C)+(D)	326.102,73

Revisouse o 100% da documentación acreditativa dos rexistros contables.



3.3.3.2. Gastos por envíos electorais

Os gastos electorais ocasionados polo envío directo e persoal ós electores de propaganda electoral, que se tratan de forma diferenciada no artigo 44.2 da LEPL, ascenderon, segundo a contabilidade de AGE, a 405.343,89 euros.

Estes gastos rexistráronse pola formación política nos seguintes conceptos:

Cadro nº 25: Gastos por envíos de propaganda declarados AGE

GASTOS POR ENVIO DE PROPAGANDA ELECTORAL	Euros
A) Gastos declarados	405.343,89
Gastos financeiros liquidados	0,00
Estimación de gastos financeiros	0,00
Outros gastos de envío	405.343,89
B) Gastos reclasificados netos	0,00
C) Gastos irregulares	0,00
Gastos con xustificación insuficiente ou non xustificadas	0,00
Gastos fora de prazo	0,00
Gastos de natureza non electoral	0,00
D) Total gastos electorais por envíos xustificadas (A) +(B)-C)	405.343,89
E) Número de envíos xustificadas con dereito a subvención	2.299.184,00
F) Gastos por envíos xustificadas non cubertos pola subvención	37.474,45

Estes gastos rexistráronse integramente na conta 676 - Gastos non financeiros por envíos electorais.

O total dos gastos regulares xustificadas ascende á cantidade de 405.343,89 euros, importe que supera a contía máxima da subvención establecida para este concepto en función do número de envíos xustificadas, na cantidade de 37.474,45 euros, polo que esta diferenza se imputa a gastos ordinarios.

Examinouse a totalidade da documentación acreditativa das anotacións contables sen atopar ningunha incidencia destacable.

3.3.4. Cálculo do límite máximo de gastos electorais

O límite máximo de gastos analizouse no apartado 2.5 deste informe, ascendendo a 1.285.894,12 euros, xa que esta formación concorreu ás eleccións nas catro circunscricións.

Ademais, hai que ter en conta que a subvención por envíos electorais (para envío de sobres, papeletas, publicidade e propaganda) ten un importe máximo de subvención de 431.634,72 euros, (2.697.717 electores por 0,16 euros por elector).

A comparación entre os gastos contabilizados e o límite máximo de gastos é a seguinte:

Cadro nº 26: Límites de gastos AGE

LIMITES DE GASTOS NO PROCESO	Euros
Límite máximo de gastos	1.285.894,12
Gastos a considerar a efectos do límite máximo de gastos	326.102,73
Exceso no límite de gastos	0,00
Límite de gastos de publicidade en prensa e radio (art.58 LOREG)	257.178,82
Gastos a considerar a efectos de límite	1.052,70
Exceso no límite de gastos de publicidade en prensa e radio	0,00

Como se observa, os gastos contabilizados non superan ao límite legalmente previsto.

O límite de gastos de **publicidade en prensa periódica e emisoras de radio privadas**, establecido polo artigo 58 da LOREG, ascende a 257.178,82 euros (véxase o apartado 2.5 deste informe). O importe dos gastos electorais declarados por este concepto foi de 1.052,70 euros, que non supera o límite legal antes aludido.

3.3.5. Verificación do cumprimento do artigo 133.4 da LOREG

Conforme ao establecido no artigo 133.3 da LOREG, as entidades financeiras outorgantes dos créditos remitiron ao Consello de Contas a información relativa ás operacións descritas no apartado relativo ós recursos financeiros.

3.3.6. Verificación do cumprimento do artigo 133.5 da LOREG

Tódalas empresas suxeitas á obriga de comunicar datos da súa facturación, debido a que se tivese superado a cantidade de 10.000 euros de facturación, cumpriron coa dita obriga de xeito oportuno. Neste caso atópanse 7 empresas que facturaron servizos prestados por un importe de 636.831,64 miles de euros.

Non se atoparon incidencias dignas de mención.



3.3.7. Tesourería da campaña

Fondos líquidos

Respecto ás obrigas, establecidas polo artigo 125 da LOREX, de que todos os ingresos e pagamentos electorais se deben facer por medio das contas correntes abertas para a campaña electoral, e do límite de noventa días seguintes ao da votación para dispoñer de fondos destas contas, realízanse as seguintes observacións:

- A conta 415 – Acredores electorais, presenta un saldo acredor de 149.401,97 euros, que corresponden á débeda con provedores na data de peche da contabilidade, o 18 de febreiro de 2013.
- Pagouse, aproximadamente, a cantidade de 8.600 euros con posterioridade á data límite de disposición de fondos.

O resumo das conclusións alcanzadas nesta área é o seguinte:

Cadro nº 27: Tesourería AGE

TESOURERÍA DE CAMPAÑA		Euros
Conta bancaria electoral	SI	
Fondos non ingresados na conta electoral	NON	
Deudas canceladas con cargo a contas non electorais		98.425,88
Pagamentos fora do prazo previsto no art.125.3 LOREG		8.600,00
Débeda cos provedores		149.401,97

Xuros devindicados

Na data de peche da contabilidade electoral, rendida ao Consello de Contas, non constan obrigas pendentes de pago por este concepto.

Contas bancarias

Polo que respecta á conta bancaria da campaña electoral, esta presenta un saldo debedor, na data de peche da contabilidade, que ascende á cantidade de 5.560,22 euros.

3.3.8. Cálculo do límite máximo da subvención

De acordo co exposto no apartado 2.2 deste informe relativo aos importes das subvencións electorais e co Acordo do 5 de novembro de 2012 polo que se fan públicos os resultados xerais e por circunscricións e a

relación de deputados e deputadas proclamados electos nas eleccións ao Parlamento de Galicia realizadas o día 21 de outubro de 2012, o importe das subvencións a que tería dereito AGE serían, na opinión do Consello de Contas, as seguintes:

Cadro nº 28: Subvencións electorais AGE

LIQUIDACION	Euros
Subvención máxima por gastos ordinarios	256.258,61
Gastos ordinarios xustificados	326.102,73
A) Subvención que correspondería	256.258,61
Subvención máxima por gastos de envíos electorais	431.634,72
Gastos por envíos electorais xustificados	367.869,44
B) Subvención que correspondería	367.869,44
C) Gastos de natureza non electoral	0,00
D) Exceso no límite de gastos de publicidade	0,00
(A)+(B)-(C)-(D)	624.128,05
Anticipo percibido	0,00
Subvención por liquidar	624.128,05

En consecuencia, a subvención pendente de outorgar non poderá ser superior, en ningún caso, a 624.128.05 euros.

3.3.9. Proposta de non adxudicación ou de redución da subvención electoral

Vistos os resultados da fiscalización da contabilidade electoral do AGE para as eleccións mencionadas, este Consello de Contas resolve non formular ningunha das propostas de non adxudicación ou de redución da subvención electoral previstas no artigo 47.3 da LEPG.

3.3.10. Conclusións

En base ás actuacións realizadas emítense as seguintes conclusións:

1. A documentación requirida foi remitida dentro dos prazos legalmente establecidos.
2. Verificouse o cumprimento dos requisitos relativos á documentación esixida e á levanza dos rexistros contables elaborados con base na mesma.
3. Os gastos realizados quedaron acreditados mediante a documentación remitida e examinada, atopándose comprendidos dentro dos límites legais.



4. Verifícase o cumprimento da legalidade, tanto da estritamente electoral como a de xeral aplicación. En este punto considérase procedente formular as seguintes observacións:

- Fíxéronse pagamentos con posterioridade ao prazo establecido polo artigo 125.3 da LOREX.
- Na data de peche da contabilidade existen saldos pendentes de pago.
- Dúas facturas foron pagadas por un dos socios da formación política AGE sen que se empregase a conta bancaria aberta para rexistrar os ingresos e os pagamentos electorais.
- O crédito bancario que financia parte dos gastos electorais non foi suscrito directamente por AGE, senón por un dos partidos políticos socios da formación electoral, rexistrándose na contabilidade o ingreso de ditos fondos como achegamentos de dito partido.

As observacións anteriores evidencian deficiencias e irregularidades que constituirían incumprimentos da normativa reguladora, aínda que non suporían a formulación de propostas de redución da correspondente subvención de gastos electorais, ao non ter previstas de xeito expreso e directo na lexislación vixente aplicable tales consecuencias e, así mesmo, de conformidade cos criterios técnicos aprobados e aplicados polo Tribunal de Contas, en supostos de natureza análoga e/ou semellante, polo que na liquidación da subvención deberá terse en conta o cálculo que figura no cadro nº 28. Subvencións electorais AGE e a proposta expresada no punto 5º do apartado 3.3.11. Opinión, de este informe.

5 A contabilidade electoral rendida por AGE é representativa.

3.3.11. Opinión

1º) Auditamos as contas electorais de AGE, correspondentes ás eleccións ao Parlamento de Galicia celebradas o 21 de outubro de 2012, que comprenden o Balance de situación e a conta de Perdas e Ganancias, correspondentes aos gastos e ingresos electorais, sendo a súa formulación responsabilidade dos Administradores Xerais do partido.

2º) A nosa responsabilidade non é expresar unha opinión sobre as Contas Anuais da formación política no seu conxunto, senón fiscaliza-los ingresos e gastos electorais e realizar unha proposta de subvención, tendo en conta os gastos electorais regulares xustificadas ao Consello de Contas, o límite máximo de gastos e o límite máximo de subvención que corresponde a AGE de acordo cos seus resultados electorais.

3º) O traballo foi realizado de acordo coas normas de auditoría xeralmente aceptadas, que inclúen o exame, mediante a realización de probas de verificación do total de xustificantes (100%), da evidencia xustificativa das contas electorais e a avaliación da súa presentación e dos principios contables aplicados e das estimacións realizadas.

4º) Na nosa opinión as contas electorais presentadas pola formación política expresan, nas áreas de gastos e ingresos, a imaxe fiel das súas operacións, contendo a información suficiente para a súa axeitada interpretación e comprensión.

5º) A proposta de subvención que formula o Consello de Contas para AGE ascende a 624.128,05 euros, sen que se lle deba descontar ningunha cantidade en concepto de anticipos recibidos a conta ao non terse percibido.

3.3.12. Alegacións

Ao abeiro do disposto no artigo 58.a) do Regulamento de Réxime Interior do Consello de Contas de Galicia, aprobado por Resolución do 25 de xuño de 1992 do Parlamento de Galicia (DOG nº 138, venres, 17 de xuño de 1992), púxose en coñecemento de AGE o resultado das actuacións deste Consello de Contas, dándolle un prazo de 10 días para a formulación das alegacións que, de ser o caso, considerasen oportunas.

Rematado o prazo non se recibiu ningún escrito da mencionada formación política.

3.4. BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

3.4.1. Documentación remitida

Con número 227 de rexistro de entrada neste Consello, de data 20 de febreiro de 2013, recibíuse, dentro do prazo legal previsto no artigo 46.1 da LEPG, a documentación contable electoral correspondente ás eleccións autonómicas celebradas o 21 de outubro de 2012.

Na fiscalización realizada sobre a totalidade de documentos e estados rendidos, observáronse as seguintes particularidades:

3.4.2. Recursos financeiros

Os recursos financeiros declarados na contabilidade rendida polo BNG para a súa campaña electoral ascenden a 810.909,10 euros.

Estes recursos pódense agrupar, segundo a súa procedencia, nos seguintes conceptos:

Cadro nº 29: Ingresos declarados BNG

RECURSOS DECLARADOS	Euros
Aportacións de persoas físicas ou xurídicas	0,00
Operacións de endebedamento	500.000,00
Anticipos da Administración	287.186,33
Aportacións do partido	23.722,77
Ingresos financeiros	0,00
Outros ingresos	0,00
TOTAL RECURSOS	810.909,10

Non consta que houbera contribucións de persoas físicas.

O financiamento público recolle exclusivamente o anticipo do 30% das cantidades concedidas en concepto de subvención electoral nas últimas eleccións celebradas ao Parlamento de Galicia en 2009, tal como dispoñen o artigo 45 da LEPG e o 127 da LOREX. O importe contabilizado por este concepto ascende a 287 186,33 euros, cantidade que coincide coa transferida pola Xunta de Galicia.

Verificouse a procedencia dos fondos aportados polo partido de acordo co disposto no artigo 126.3 da LOREX.

A formación política non recoñeceu en contas a estimación da subvención a cobrar da Xunta de Galicia segundo os resultados alcanzados.

O BNG subscribiu dúas pólizas de crédito con dúas entidades bancarias, unha cun límite máximo de 220.000 euros, e data de vencemento o 4 de outubro de 2013, e outra cun límite de 280.000 euros e data de vencemento o 30 de abril de 2014. En garantía do pago do principal, xuros, comisións, gastos e costas que se deriven das pólizas de crédito aféctanse as subvencións e anticipos que poida recibir o BNG polos resultados das eleccións ao Parlamento de Galicia.

A entidade concedente do crédito de 280.000 euros non cumpriu coa obriga de información establecida polo artigo 133.3 da LOREX, polo que foi circularizada.

3.4.3. Gastos electorais

3.4.3.1. Gastos por operacións ordinarias

A separación entre os gastos que corresponden a operacións ordinarias de campaña e os gastos que corresponden ao envío persoal e directo aos electores de sobres, papeletas e propaganda e publicidade electorais, faise empregando subcontas da conta 627–Publicidade, propaganda e relacións públicas.

Os gastos por operacións ordinarias ascenderon a 388.679,64 euros, agrupándose nos seguintes conceptos:

Cadro nº 30: Gastos ordinarios declarados BNG

GASTOS POR OPERACIONES ORDINARIAS		Euros
A) Gastos declarados		371.326,35
Gastos de publicidade exterior (art.55 LOREX)		100.000,00
Gastos de publicidade en prensa e radio (art. 58 LOREX)		80.000,00
Gastos financeiros liquidados		13.630,49
Estimación de gastos financeiros		9.299,61
Outros gastos ordinarios		168.396,25
B) Gastos reclasificados netos		0,00
C) Gastos irregulares		0,00
Gastos con xustificación insuficiente ou non xustificadas		0,00
Gastos fora de prazo		0,00
Gastos de natureza non electoral		0,00
D) Gastos por envíos de propaganda electoral xustificadas non cubertos pola subvención		17.353,29
E) Total gastos electorais ordinarios xustificadas (A)+(B)-(C)+(D)		388.679,64

Revisouse o 100% da documentación acreditativa dos rexistros contables.



Revisada toda a documentación xustificativa dos gastos non se atoparon deficiencias de relevancia.

3.4.3.2. Gastos por envíos electorais

Os gastos electorais ocasionados polo envío directo e persoal aos electores de propaganda electoral, que se tratan de forma diferenciada no artigo 44.2 da LEPG, ascenderon, segundo a contabilidade do BNG, a 448.795,37 euros, cantidade que supera a contía máxima da subvención establecida para este concepto en función do número de envíos xustificados na cantidade de 17.353,29 euros, polo que, tal como se sinalou no anterior apartado, se engadiron aos gastos ordinarios de campaña.

Estes gastos rexistráronse pola formación política nos seguintes conceptos:

Cadro nº 31: Gastos por envíos de propaganda declarados BNG

GASTOS POR ENVÍO DE PROPAGANDA ELECTORAL	Euros
A) Gastos declarados	448.795,37
Gastos financeiros liquidados	0,00
Estimación de gastos financeiros	0,00
Outros gastos de envío	448.795,37
B) Gastos reclasificados netos	0,00
C) Gastos irregulares	0,00
Gastos con xustificación insuficiente ou non xustificadas	0,00
Gastos fora de prazo	0,00
Gastos de natureza non electoral	0,00
D) Total gastos electorais por envíos xustificadas (A) +(B)-C)	448.795,37
E) Número de envíos xustificadas con dereito a subvención	2.696.513
F) Gastos por envíos xustificadas non cubertos pola subvención	17.353,29

Estes gastos rexistráronse integramente na conta 62700102 - Gastos envío propaganda.

Examinouse a totalidade da documentación acreditativa das anotacións contables sen atopar ningunha incidencia destacable.

3.4.4. Cálculo do límite máximo de gastos electorais

O límite máximo de gastos analizouse no apartado 2.5 deste informe, ascendendo a 1.285.894,12 euros, xa que esta formación concorreu ás eleccións nas catro circunscricións.

Ademais, hai que ter en conta que a subvención por envíos electorais (para envío de sobres, papeletas, publicidade e propaganda) ten un importe máximo de subvención de 431.634,72 euros, (2.697.717 electores por 0,16 euros por elector).

A comparación entre os gastos contabilizados e o límite máximo de gastos é a seguinte:

Cadro nº 32: Límites de gastos BNG

LIMITES DE GASTOS NO PROCESO	Euros
Límite máximo de gastos	1.285.894,12
Gastos a considerar a efectos do límite máximo de gastos	388.679,64
Exceso no límite de gastos	NON
Límite de gastos de publicidade en prensa e radio (art.58 LOREG)	257.178,82
Gastos a considerar a efectos de límite	80.000,00
Exceso no límite de gastos de publicidade en prensa e radio	NON

Como se observa, os gastos contabilizados non superan ao límite legalmente previsto.

O límite de gastos de **publicidade en prensa periódica e emisoras de radio privadas**, establecido polo artigo 58 da LOREG, ascende a 257.178,82 euros (véxase o apartado 2.5 deste informe). O importe dos gastos electorais declarados por este concepto foi de 80.000 euros, que non supera o límite legal antes aludido.

3.4.5. Verificación do cumprimento do artigo 133.4 da LOREG

Só unha das dúas entidades financeiras outorgantes de créditos a esta formación remitiu ao Consello de Contas a información relativa ás operacións descritas no apartado relativo aos recursos financeiros, conforme ao establecido no artigo 133.3 da LOREG. Por elo, procedeuse a circularizar a esta entidade financeira que non comunicou, dentro do prazo establecido no artigo 133 da LOREG, noticia detallada dos créditos concedidos ás diferentes formacións políticas.

3.4.6. Verificación do cumprimento do artigo 133.5 da LOREG

Tódalas empresas (agás unha) suxeitas á obriga de comunicar datos da súa facturación debido a que se tivese superado o 10.000 euros cumpriron coa dita obriga de xeito oportuno. Neste caso atópanse 6 empresas que facturaron servizos prestados por un importe de 795.921,12 euros.

Circularizouse a unha empresa que non comunicou a súa facturación para verificar que existe coincidencia entre os importes facturados que figuran rexistrados na contabilidade do partido político e os importes resultantes da información derivada desa circularización.



Non se atoparon incidencias dignas de mención.

3.4.7. Tesourería da campaña

Fondos líquidos

Tódolos ingresos e pagamentos contabilizados fixéronse por medio das contas correntes abertas para a campaña electoral, tal como establece o artigo 125.1 da LOREX.

O resumo das conclusións alcanzadas nesta área é o seguinte:

Cadro nº 33: Tesourería BNG

TESOURERÍA DE CAMPAÑA	
Conta bancaria electoral	SI
Fondos non ingresados na conta electoral	NON
Gastos pagados con cargo a contas non electorais	NON
Pagamentos fora do prazo previsto no art. 125.3 LOREG	NON
Débeda cos provedores	NON

Xuros devindicados

Na data de peche da contabilidade electoral, rendida ao Consello de Contas, só figuran como obrigas pendentes de pago os xuros devindicados e non vencidos dos préstamos concertados pola formación política, así como o reintegro do saldo disposto dos mencionados créditos.

Contas bancarias

Polo que respecta ás contas bancarias da campaña electoral, só unha delas presentan un saldo debedor, na data de peche da contabilidade, que ascende á cantidade de 1,04 euros.

Prazo dos pagamentos

Tódolos pagamentos se realizaron dentro do prazo establecido no artigo 125.3 da LOREX.

3.4.8. Cálculo do límite máximo da subvención

De acordo co exposto no apartado 2.1 deste informe relativo aos importes das subvencións electorais e co Acordo do 5 de novembro de 2012 polo que se fan públicos os resultados xerais e por circunscricións e a relación de deputados e deputadas proclamados electos nas eleccións ao Parlamento de Galicia realizadas

o día 21 de outubro de 2012, o importe das subvencións a que tería dereito o BNG serían, na opinión do Consello de Contas, as seguintes:

Cadro nº 34: Subvencións electorais BNG

LIQUIDACION	Euros
Subvención máxima por gastos ordinarios	193.412,17
Gastos ordinarios xustificados	388.679,64
A) Subvención que correspondería	193.412,17
Subvención máxima por gastos de envíos electorais	431.634,72
Gastos por envíos electorais xustificados	431.442,08
B) Subvención que correspondería	431.442,08
C) Gastos de natureza non electoral	0,00
D) Exceso no límite de gastos de publicidade	0,00
(A)+(B)-(C)-(D)	624.854,25
Anticipo percibido	287.186,33
Subvención por liquidar	337.667,92

En consecuencia, a subvención pendente de outorgar non poderá ser superior, en ningún caso, a 337.667,92 euros.

3.4.9. Proposta de non adxudicación ou de redución da subvención electoral

Vistos os resultados da fiscalización da contabilidade electoral do BNG para as eleccións mencionadas, este Consello de Contas resolve non formular ningunha das propostas de non adxudicación ou de redución da subvención electoral previstas no artigo 47.3 da LEPG.

3.4.10. Conclusións

En base ás actuacións realizadas emítense as seguintes conclusións:

1. A documentación requirida foi remitida dentro dos prazos legalmente establecidos.
2. Verifícase o cumprimento dos requisitos relativos á documentación esixida e á levanza dos rexistros contables elaborados con base na mesma.
3. Os gastos realizados quedaron acreditados mediante a documentación remitida e examinada, atopándose comprendidos dentro dos límites legais.
4. Verifícase o cumprimento da legalidade, tanto da estritamente electoral como a de xeral aplicación.



5. A contabilidade electoral rendida polo Bloque Nacionalista Galego é representativa.

3.4.11. Opinión

1º) Auditamos as contas electorais do BNG, correspondentes ás eleccións ao Parlamento de Galicia celebradas o 21 de outubro de 2012, que comprenden o Balance de situación, a conta de Perdas e Ganancias, correspondentes aos gastos e ingresos electorais, sendo a súa formulación responsabilidade do Administrador Xeral do partido.

2º) A nosa responsabilidade non é expresar unha opinión sobre as Contas Anuais da formación política no seu conxunto, senón fiscaliza-los ingresos e gastos electorais e realizar unha proposta de subvención, tendo en conta os gastos electorais regulares xustificadas ao Consello de Contas, o límite máximo de gastos e o límite máximo de subvención que corresponde ao Bloque Nacionalista Galego de acordo cos seus resultados electorais.

3º) O traballo foi realizado de acordo coas normas de auditoría xeralmente aceptadas, que inclúen o exame, mediante a realización de probas de verificación do total de xustificantes (100%), da evidencia xustificativa das contas electorais e a avaliación da súa presentación e dos principios contables aplicados e das estimacións realizadas.

4º) Na nosa opinión as contas electorais presentadas pola formación política expresan, nas áreas de gastos e ingresos, a imaxe fiel das súas operacións, contendo a información suficiente para a súa axeitada interpretación e comprensión.

5º) A proposta de subvención que formula o Consello de Contas para o Bloque Nacionalista Galego ascende a 624.854,25 euros, cantidade á que se lle deben descontar os anticipos recibidos a conta por importe de 287.186,33 euros, resultando un importe líquido a percibir de 337.667,92 euros.

3.4.12. Alegacións

Ao abeiro do disposto no artigo 58.a) do Regulamento de Réxime Interior do Consello de Contas de Galicia, aprobado por Resolución do 25 de xuño de 1992 do Parlamento de Galicia (DOG nº 138, venres, 17 de xuño de 1992), púxose en coñecemento do BNG o resultado das actuacións deste Consello de Contas, dándolle un prazo de 10 días para a formulación das alegacións que, de ser o caso, considerasen oportunas.

Rematado o prazo non se recibiu ningún escrito da mencionada formación política.

4. DECLARACIÓN DE GASTOS REGULARES XUSTIFICADOS

Como xa se expresou no apartado 1.1 deste informe, o artigo 47 da LEPG, establece que:

"2. Dentro dos sete meses seguintes ás eleccións, o Consello de Contas pronunciarase sobre a regularidade das contabilidades electorais.

3. No suposto de que apreciase irregularidades ou violación dos límites establecidos na materia de ingresos e gastos electorais, poderá propoñe-la non adxudicación ou a redución da subvención a obter da Comunidade Autónoma para o partido, federación ou agrupación implicada.

Se advertise, ademais, indicios de condutas constitutivas de delito, comunicarao ao Ministerio Fiscal.

4. O Consello de Contas remitirá á Xunta e ao Parlamento de Galicia o contido da fiscalización mediante informe razoado e detallado comprensivo da declaración do importe dos gastos regulares xustificadas por cada partido, federación, coalición ou agrupación de electores".

Na formulación da pertinente declaración dos gastos xustificadas deberá terse en conta, así mesmo, que o artigo 127 da LOREX establece o principio de que a subvención correspondente a cada formación política non poderá sobrepasar a cifra de gastos electorais declarados xustificadas polo Tribunal de Contas no exercicio da súa función fiscalizadora.

En cumprimento destas disposicións e tomando en consideración as particularidades e propostas concretas que, no seu caso, figuran no informe específico de cada partido ou coalición, fórmase a presente declaración, comprensiva dos gastos electorais regulares xustificadas, e a cifra máxima que pode acadar a subvención pública, tanto polos votos e escanos obtidos como polo envío directo e persoal ós electores de sobras, papeletas, propaganda e publicidade electorais e da contía resultante das propostas concretas deste informe.

Cadro nº 35: Proposta de subvención

Euros

Formación política	Gastos ordinarios xustificados	Límite da subvención gastos ord.	Proposta de subvención gastos ord.	Gastos envíos electorais xustificados	Límite da subvención envíos	Proposta de subvención envíos	Proposta de subvención total
PP	1.234.842,19	1.020.311,11	1.020.311,11	293.430,00	431.634,72	293.430,00	1.313.741,11
PSdeG-PSOE	940.895,21	452.155,46	452.155,46	367.869,44	431.634,72	367.869,44	820.024,90
AGE (EU-ANOVA)	326.102,73	256.258,61	256.258,61	367.869,44	431.634,72	367.869,44	624.128,05
BNG	388.679,64	193.412,17	193.412,17	431.442,08	431.634,72	431.442,08	624.854,25
Total	2.890.519,77	1.922.137,35	1.922.137,35	1.460.610,96	1.726.538,88	1.460.610,96	3.382.748,31



4.1. IMPORTES LÍQUIDOS PENDENTES DE PERCIBIR

Os importes líquidos pendentes de percibir polos partidos, federacións, coalicións ou agrupacións de electores que obtiveron representación parlamentaria, despois de descontarlle os anticipos de subvención legalmente establecidos, son os que figuran detallados no cadro que de seguido se xunta:

Cadro nº 36: Subvención pendente de liquidar.

Euros

Formación política	Proposta de subvención total	1º anticipo de subvención	2º anticipo de subvención	Pendente de liquidar
PP	1.313.741,11	550.655,31	0,00	763.085,80
PSdeG-PSOE	820.024,90	417.715,22	0,00	402.309,68
AGE (EU-ANOVA)	624.128,05	0,00	0,00	624.128,05
BNG	624.854,25	287.186,33	0,00	337.667,92
Total	3.382.748,31	1.255.556,86	0,00	2.127.191,45

Santiago de Compostela, 13 de maio de 2013